INDICE. Unidade 7

Transformacións na Agricultura e desamortizacións. Características e consecuencias da desamortización en Galicia e trazos de modernidade na agricultura.

1. **Introdución**
2. **A consolidación da propiedade privada da terra.**
3. **Os efectos da reforma agraria e os límites do crecemento agrario.**
   - **3.1 A Abolición dos señoríos**
4. **As desamortizacións:**
   - **4.1 Mendizábal**
   - **3.1 Madoz**
   - **4.3 Consecuencias das desamortizacións**
     - **4.3.1 Natureza dos bens desamortizados en España, 1836/1867**
     - **4.3.2. Procedencia dos bens desamortizados en España 1836/67**
5. **O balance global**
   - **a) En relación cós obxectivos propostos coas medidas desamortizadoras:**
   - **b) En relación coa estructura da propiedade**
   - **c) En relación co crecemento da producción agraria**
6. **A Desamortización en Galicia: a permanencia dos Foros.**
   - **a. A redención dos foros**
7. **Etapas da Desamortización**
8. **Opinións da Historiografía contemporánea con respecto ás Desamortizacións.**
9. **Consecuencias**
10. **Conclusións.**

1. Introdución

A economía española do século XIX vai estar marcada por unhas condicións peculiares, unha delas é a separación das antigas colonias americanas. Esta separación esixiu un axuste económico que terá varias consecuencias, como a extensión da área de cultivo, a explotación do subsolo ou a reactivación da minería, e a creación dun mercado de capitais (Bolsa de Madrid, 1831). Sen embargo, non se produciron cambios importantes nas estruturas económicas, continuaron sendo as herdadas de XVIII, aínda que houbo cambios na propiedade debido ás desamortizacións.

2. A consolidación da propiedade privada da terra.

Desde o Antigo Réxime o réxime xurídico da propiedade da terra caracterizábase pola **ausencia dunha propiedade libre e individual** , así, máis da metade das terras non se podían comprar, nin vender, eran terras **amortizadas**. Estas eran as terras polas que cobraba rendas o clero, as municipais e as **vinculadas** ao morgado. Moitas terras eran **comunais** (as dos concellos ou comunidades de veciños) ou debían someterse aos ritmos de traballo colectivos dominantes na comunidade campesiña respectiva (había que facer os traballos ao mesmo tempo, deixar as explotacións sen valados, respectar os dereitos de paso dos demais campesiños...).

Por outra banda, a maioría das terras (sobre todo en Galicia, Asturias, Cataluña e Valencia) non tiñan un único posuidor. Tanto as persoas que as traballaban, campesiñado, como as que cobraban as rendas, nobreza e clero, tiñan dereitos sobre elas. Polo que ninguén podía levar adiante cambios no réxime de explotación sen contar coa outra parte —**división de dominios**—. A isto hai que engadir, en moitas zonas, os privilexios de que dispuña a Mesta desde a Idade Media e que limitaban as posibilidades de explotación (dereitos de paso e de pasto para o gando).

Para o novo modelo de sociedade que a burguesía pretendía impoñer era preciso modificar a estrutura da propiedade agraria, eliminando os obstáculos que impedían o «libre» desenvolvemento das relacións capitalistas de produción. A modificación da propiedade da terra no tránsito á sociedade burguesa implicaba a eliminación da pluralidade de dominios sobre a mesma e a privatización dos espazos comunais. En ambos casos o camiño era a propiedade libre e «perfecta» fronte ás amortizacións e vinculacións. Para crear o novo tipo de propiedade da terra os gobernos liberais modificaron a estrutura agraria cunha serie de leis que suprimiron:

a) As «vinculacións» da propiedade nas familias nobiliarias coa abolición dos morgados.

b) A propiedade eclesiástica en forma de «mans mortas», coas desamortizacións.

c) O réxime señorial de orixe feudal, coa súa forma de posesión-propiedade compartida polo señor e o campesiño, coa abolición dos señoríos.

d) As formas de propiedade colectiva (terras municipais e comunais).

A aprobación destas leis é progresiva no tempo, comezando en 1808-1812, e consolidándose ao longo do século XIX ate o período 1835-1860, ao mesmo tempo e ritmo que se consolidaba o liberalismo en España.

3. Os efectos da reforma agraria e os límites do crecemento agrario.

un grupo de segadores do século XIX

En España, a transición cara ao capitalismo fíxose mediante unha reforma agraria liberal, vía de compromiso entre os posuidores da terra no Antigo Réxime e os novos tentadores do poder, a clase burguesa. O procedemento implicou a abolición do réxime señorial e a desamortización da propiedade vinculada.

3.1 Abolición do réxime señorial

Esta abolición cambiou as formas de tenencia e explotación da terra. Como coñecemos, xa As Cortes de Cádiz, por Decreto de agosto de 1811, abolían a xurisdición dos señores, que pasaba a mans da nación soberana. Este feito respondía tanto a unha necesidade social (os pobos deixaran de pagar as rendas aos señores desde 1808) como a unha necesidade política (a soberanía nacional establecida polas Cortes esixía a desaparición da autoridade en mans dos señores, é dicir, os **señoríos xurisdicionais**, aqueles nos cales o señor gozaba soamente do poder político sobre os seus vasalos, suprimíronse; mentres que os **señoríos territoriais**, que eran aqueles en os que a señor era propietario da terra, pasaron a ser propiedade privada do antigo señor). Con todo, non se resolvía claramente o problema da propiedade, que

os campesiños usufrutuaban e cuxa titularidade, en ocasións, era confusa. O Decreto, contra a opinión campesiña, convertía en patrimonio privado todos os señoríos territoriais. Esta lei prohibía a existencia de propiedades vinculadas e autorizábase ós donos a vendelas con plena liberdade. A supresión dos señoríos non levou, como acontecera en Francia durante a Revolución, ó establecemento dunha masa de pequenos propietarios campesiños. Os conflictos provocados polo paso dunha propiedade compartida a unha propiedade individual aínda se mantiña a finais do s. XIX. O problema era saber quen eran os verdadeiros propietarios das terras dos señoríos, sobre as que desde a Idade Media tiveran dereitos tanto os señores como os campesiños cultivadores. Os liberais aliáronse coa nobreza e deixaron a cuestión en mans dos Tribunais de Xustiza, que na maioría dos casos dictaron sentencias a favor dos nobres.

Os nobres perderon as facultades propias do señorío xurisdiccional (a administración de xustiza e o nomeamento das autoridades municipais nas terras de señorío), pero conservaron o seu dereito a cobrar rendas ós campesiños polo cultivo das terras, convertidas agora na súa propiedade plena e libre. Esta conclusión, de carácter xeral, non é aplicable para os casos de Valencia e Cataluña, onde os dereitos dos señores sobre a terra eran de carácter enfiteútico (contratos de longa duración). Aquí os campesiños acadaron a propiedade plena redimindo —pagándo unha indemnización ós señores— os censos enfiteúticos pois contaban con medios para facelo.

O preito resolveuse a favor dos poderosos, apoiados primeiro por Fernando VII, que ratificou a titularidade, e despois pola propia burguesía, que, téndose enriquecido con terras desamortizadas, coincidiu coa nobreza en defender a propiedade particular fronte ás reclamacións campesiñas. Como resultado global, os señores consolidaron o seu poder na metade sur da Península, pero noutras zonas sufriron unha importante redución dos seus patrimonios e ingresos. **A disolución do réxime señorial foi unha das medidas máis conflitivas do Estado liberal e foi completada polas leis dos anos vinte e trinta.**

4.3 As desamortizacións:

Segundo cita do profesor Villares, falando do galego Alonso y López nas Cortes de Cádiz (*"non pode haber reis chiquitos baixo o imperio da nación")*: *a desamortización é algo máis que contar fincas e rendas; forma parte principal do proceso de sometemento dos «imperios chiquitos» ao único «imperio da nación».*

É , por ende, a medida máis fondamente revolucionaria tomada polo equipo liberal.O Liberalismo aplicado ao campo económico, xa que para os Liberais [1]*era a grande panacea que, ademais de restarlle poder aos aristócratas e aos terratenentes, cousa que non fixo, e aumentar a superficie cultivada, incrementando a produción e abaratando os alimentos, habería de proporcionar os recursos para rechear o baleiro que a falta de remesas americanas tiña deixado no presuposto".*

No Antigo Réxime cada un dos estamentos tiña unha función na colectividade e era norma que determinadas entidades dispuxeran dunha masa de bens que non podían enaxenar nin vender, sinón que debían transmitilas na mesma forma que as recibiran para que lles servira de base económica no desempeño das súas funcións.

A nobreza tiña "vinculados" os seus bens económicos de tal maneira que non os podían vender nin repartir, debían transmitilos íntegros ao primoxénito (o morgado).

O mesmo pasaba cos bens da Igrexa e mais dos Concellos (bens "comúns", "propios" etc...)

Os problemas que a Desamortización tratou de resolver, viñan de antiguo. A existencia dunha grande masa de bens en poder das "mans mortas", xa viña do século XVIII como un dos grandes problemas sociais que determinaban e contribuían ao atraso de España; eran as "mans mortas" na linguaxe da época, as que pertencían aos propietarios de "activos inalienables"[2]. O mellor exemplo nolo da o de os morgados, pero a maior parte destes "activos inalienables", pertencían á igrexa. Ao non poder enaxenarse, nin dividir estes bens, a súa masa non podía diminuir, pero si engrosarse; xa Tomás y Valiente[3] sinalaba (1971) que "no século XVIII, non se pensaba na posibilidade de expropiar á Igrexa, pero si na de limitar a súa capacidade adquisitiva"

Juan Álvarez Mendizábal

Como xa temos visto a agricultura viviu unha profunda reforma baseada na abolición do réxime señorial, a supresión dos morgados e agora, as grandes desamortizacións de Mendizábal e Madoz. Con este conxunto de medidas se liberalizará a agricultura,

[1] Segundo Tortella, G. en "El Desarrollo de la España Contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX"
[2] Tortella, G. Op.cit.
[3] Tomás y Valiente, Francisco (1971): *El Marco político de la desamortización en España"*. Barcelona. Ariel.

permitindo que a terra puidese circular libremente no mercado, e eliminaranse os freos que impedían o desenvolvemento dunha agricultura capitalista dirixida ao mercado. A maior parte da terra pasará a mans de propietarios privados individuais.

A gran transformación económica deste período ,1833-1875, foi o proceso de **desamortización dos bens eclesiásticos iniciado en 1835 polo progresista Mendizábal**, que logo veu ser completado polo tamén progresista **Pascual Madoz durante o Bienio progresista coa desamortización dos bens dos municipios.**

Enténdese, polo tanto, por Desamortización, a incautación polo Estado de bens pertecentes na súa maioría á Igrexa e ós municipios; bens que logo serán vendidos en pública subhasta e que pasarían a ser de propiedade particular dos compradores. Significou poñer no mercado as terras e bens amortizados, pero tamén implicou a **perda do poder económico e político da Igrexa**, e isto último vai supor unha das peores consecuencias para os conflitos que xenerarán as propias desamortizacións.

Cronolóxicamente, xa houbera intentos de medidas similares en 1813[4] (Decreto Xeral de Desamortización) que agochaba intereses sociais, ademais dos petrióticos que aludía. Durante o Trienio (1820-23) retomouse pero cun novo sentido, xa perdera o caracter de reforma agraria e tiña como finalidade **subsanar os problemas da Facenda** (faríase mediante subhasta e serían admitidos os pagos en Títulos de Débeda). Pero non sería ata o reinado de Isabel II cando se executaran as principais medidas desamortizadoras.

A desamortización debe ser entendida non como un acto illado, senón como todo un proceso histórico que cobre unha ampla etapa cronolóxica desde o reinado de Carlos IV ata ben entrada a segunda metade do século XIX. Con todo, hai que atribuír unha especial importancia á **etapa de Mendizábal**, non só polo seu **volume** (entre un terzo e un cuarto da desamortización total) e pola **rapidez** con que se levou a cabo, senón, sobre todo, porque a partir deste momento a desamortización foi irreversible e foise estendendo a outros terreos, sen que en ningún momento pensásese volver ao sistema de propiedade doutros momentos

[4] 1813, «decreto xeral de desamortización»; afectaría ós bens raíces dos «traidores», xesuitas, ordes militares, conventos destruidos durante a guerra, así coma a metade dos baldíos e realengos.

4.1 Mendizábal

Juan Álvarez de Mendizábal, ben desde o cargo de ministro de Facenda ou presidindo o Consello de Ministros, iniciou a desamortización dos bens e terras eclesiásticas amortizadas en 1836, ademais de suprimir as ordes relixiosas (clero regular). Foi a primeira medida desamortizadora con carácter xeral, sendo o ministro progresista o seu principal responsable. Entre **1836 e 1841** prodúciuse a desamortización dos bens do clero. Pero o importante non é tanto a lexislación, canto a política a que daba lugar a mesma. A desamortización de 1836 é peza mestra, segundo Tortella, do programa de Mendizábal para financiar a guerra contra do partido carlista, no seu apoxeo /a guerra e mailo partido), para sanear a facenda e para crear, segundo o propio Mendizábal "unha copiosa familia de propietarios", materialmente interesada no trunfo da causa liberal.O Estado suprimiu as ordes relixiosas (clero regular), agás os relixiosos que se adicaban ao ensino ou ao coidado de hospitais, e apoderouse das súas propiedades, sendo declaradas «bens nacionais». O mesmo aconteceu cos bens do clero secular, xa durante a rexencia de Espartero, aínda que este continuou existindo.

Mª Cristina e Mendizábal. 1860

A propiedade da terra no Antigo Réxime estaba **en mans da Igrexa** (en especial das ordes relixiosas), **da nobreza rentista**, **do Estado ou os municipios**; habitualmente denunciábase a súa explotación pouco racional que impedía obter o mellor rendemento. Eses beneficiarios considerábanse como **«mans mortas»**, polo que o proceso de facer pasar as terras deles a outros propietarios dispostos a obter a mellor explotación económica en beneficio propio denominouse **desamortización**. Tal proceso constitúe un elemento esencial para comprender o tránsito da sociedade do Antigo Réxime ao liberalismo, no que a propiedade concíbese como individual e absoluta na súa capacidade de xestión.

A desamortización consistiu basicamente na expropiación dos bens desamortizados e a súa nacionalización e posterior venda en pública poxa ao mellor ofertante. A desamortización tivo tres obxectivos:

- O obxectivo principal foi **financeiro**. Buscar ingresos para pagar a débeda pública do Estado, ademais conseguiríanse fondos para a guerra carlista.
- Pero había tamén un obxectivo **político**: ampliar a base social do liberalismo cos compradores de bens desamortizados. Ademais, boa parte do clero regular apoiaba aos carlistas.
- Finalmente, expúxose de forma moi tímida un obxectivo **social:** crear unha clase media agraria de campesiños propietarios.

Os resultados non foron todo o positivos que se podería esperar: Non solucionou o grave problema da débeda pública, no terreo político, o liberalismo gañou adeptos, pero tamén se creou **un foso que perdurou longo tempo entre o liberalismo entre a opinión pública católica**. No terreo social, a maior parte dos bens desamortizados foron comprados por nobres e burgueses urbanos adiñeirados. Os campesiños pobres non puideron poxar nas poxas. **A desamortización non serviu para mitigar a desigualdade social**, de feito, moitos campesiños pobres viron como os novos propietarios burgueses subiron os alugueres. Os resultados da desamortización explican por que a nobreza, en xeral, apoiou ao liberalismo, e porque **moitos campesiños fixéronse antiliberais (carlistas),** ao verse prexudicados polas reformas.

A Igrexa viu desmanteladas as bases económicas do seu poder. A cambio da expropiación o Estado comprometeuse a subvencionar economicamente ao clero. O primeiro exemplo orzamentario foi a *Dotación de Culto e Clero de 1841.*[5]

«Exposición á S. M. a Raíña Gobernadora:

Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e **dar garantía positiva á débeda nacional** por medio dunha amortización exactamente igual ó producto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, **vivificar unha riqueza morta**, desobstruir as canles da industria e da circulación, apegar ó país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anchear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co excelso trono de Isabel II,

[5] O traballo máis contrastado, aínda que no ámbito do local, pois cínguese a Salamanca e Jaén, e o citado por Tortella na súa op.cit, de Herr, no que afirma con contundencia documentada que o impacto maior da desamortización en España, non foi nin político nin social, senón económico, pois puxéronse en cultivo grandes extensións de terra ate ese momento pouco, mal ou nada explotadas.

símbolo da orde e da liberdade. Non é, Señora, nin unha fria especulación mercantil, nin unha mera operación de crédito…; é un elemento de animación de vida e de ventura para España. É, se podo explicarme así, o complemento da súa resurección política. O decreto que vou ter a honra de someter á augusta aprobación da V. M. sobre a venda deses bens adquiridos xa pola nación, así como no seu resultado material ha producir o beneficio de minorar a forte suma da débeda pública, é preciso que na súa tendencia, no seu obxecto, e aínda nos medios polos que aspire a aquel resultado, se enlace, se encadee, se funde na alta idea de **crear unha copiosa familia de propietarios que, a súa existencia e goces, se substente principalmente no triunfo completo das nosas actuais institucións**»

Introducción de Mendizábal ao Decreto Real de 1836

A Desamortización, polo tanto, resultou ser un grande negocio tanto para as clases acomodadas como para a aristocracia, cuxas terras foron desvinculadas pero non expropiadas; segundo os estudios de Herr, corroborados por Tortella, quizáis fora a nobreza terratenente a que áis se beneficiara da desamortización, xa que a cambio duns dereitos sociais que a miudo eran puramente simbólicos, gañou a plena propiedade de terras, que frecuentemente non lle tiñan pertencido, redondeando, ademais, en boas condicións as súas propiedades.

Tamén houbo vítimas da desamortización, e foron, a Igrexa, os municipios e o campesiñado pobre, asi como o proletariado agrícola; os primeiros por razóns expostas e obvias, os segundos porque moitos viñan beneficiándose da propiedade eclesiástica e comunal, en forma de caridade ou de aproveitamento de pastos e montes, ou de bos contratos de arrendamentos..... De feito nestes últimos vese a orixe social das rebelións campesiñas de signo carlista ou anarquista repetidas ao longo do século, hipótese que Tortella considera moi verosímil.

O DECRETO APROBADO ESTABLECÍA OS BENS COMPRENDIDOS NESTA DESAMORTIZACIÓN

«Atendendo á necesidade conveniencia de **diminuír a débeda pública** consolidada, e de **entregar ó interese individual a masa de bens raíces, que viñeron ser propiedade da nación**, a fin de que a agricultura e o comercio tiren deles as vantaxes que non poderían ser conseguidas por enteiro no seu actual estado, ou que se demorarían con notable detrimento da riqueza nacional, outro tanto tempo como se tardara en proceder a súa venda: tendo presente a lei de 16 de xaneiro último e conformándome co proposto polo Consello de Ministros, no nome da miña excelsa filla a raiña Isabel II tiven a ben decretar o seguinte:

Art. 1º. **Queden declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase, que tiveran pertencido ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas**, e os demáis que foran adxudicados á nación por calquera título ou motivo, e tamén todos os que en adiante o fosen desde o acto da súa adxudicación.

Art. 2º. **Exceptúanse desta medida xeral os edificios que o goberno destinará para o servicio público**, ou para conservar monumentos das artes, ou para honrar a memoria das fazañas nacionais. O mesmo goberno publicará a lista dos edificios que con estes obxectos deben quedar excluidos da venda pública.

Gaceta de Madrid, 21 de febreiro de 1836

Como se aprecia no decreto, a desamortización dos bens do clero non só afectou ás terras, senón que tamén se expropiaron moitos dos edificios eclesiásticos das cidades. No campo os edificios —despois da supresión das ordes relixiosas— pasaron a mans privadas ou foron abandonados, sufrindo un grave proceso de deterioro. Sen embargo, os conventos e mosteiros das cidades foron despois utilizados polo Estado como centros educativos e administrativos ó servicio dos cidadáns. Aínda que en case que tódalas cidades de España podemos atopar exemplos de uso público de antigos

edificios do clero, o exemplo máis coñecido é o actual Congreso dos Deputados.

A desamortización de Mendizábal

A venda dos bens desamortizados levouse a cabo da seguinte maneira:

Taxáronse as propiedades postas en venda, fíxose con elas, en cada provincia, unha subhasta pública e asignouselle cada propiedade ao mellor postor. Este podería pagar ao Estado de dúas formas: ou ben entregando o valor total en efectivo pagando inmediatamente 1/5 parte do valor total e o resto a prazos ao longo de 15 anos, ou ben entregando ao Estado títulos da Débeda que eran valorados segundo o seu valor nominal (normalmente o valor real era moito máis baixo). Neste caso concedíase un tempo de 8 anos, despois de pagar 1/5 parte no momento da adxudicación, para rematar de liquidar a compra.

Os cálculos que se fixeron estiman os seguintes resultados da operación: o Estado

recolleu 327.566.390 reais de vellón en metálico e 4.224.495.895 reais de vellón en Títulos da Débeda (588.532.058 reais de valor real, segundo cálculos feitos). Como punto de referencia para valorar a importancia desta operación pódese dicir que en 1850 a débeda interior do Estado era de 1.913.748.373 reais e a débeda exterior ascendía a 1.944.271.160 reais.

4.2 A desamortización de Madoz

A desamortización de Madoz

O mapa indica o valor do vendido por provincias.

Despois da década moderada, na que se freou o proceso desamortizador, en 1855 —durante o Bienio Progresista— o ministro Madoz puxo en marcha unha nova desamortización, que recibiu o nome **de «Desamortización Xeral».** Afectou a todos os bens amortizados pertecentes ao Estado e aos Municipios. É dicir, a todos os que non pertencían a particulares, e ós que quedaban do clero. Cos *bens comúns* tiveron máis cautela, podendo os Concellos non vendelos se os xulgaban de interese común. O alcance da mesma é xeral, desamortiza todas as propiedades e os seus ingresos están adicados a máis aspectos que a débeda pública. Sendo de gran importancia o investimento en obras públicas, principalmente no ferrocarril (Lei de Ferrocarris 1855).

O pago das propiedades (comunais ou municipais), taxadas e subhastadas públicamente, debería facerse en metálico e este diñeiro repartíase: o 10% pasaba directamente ás mans do Estado, que o investía en liquidar parte da Débeda Pública, e o resto quedaba nas mans dos concellos, que deberían mercar con él títulos da Débeda do Estado que rendían un xuro anual do 3%.

Entre 1855 e 1867 puxéronse en venda unha grande cantidade de terreos, valorados en 2.188.457.299 reais. **En termos cuantitativos é nove veces máis importante que a de Mendizábal.** O proceso desamortizador aínda continuou ata finais do século XIX.

Consistiu, polo tanto, na desamortización de todas as propiedades procedentes de **mans mortas**, é dicir, **vinculadas** a unha institución. Incluíanse neste apartado terras pertencentes ao Estado, institucións relixiosas e concellos.

Como vemos no **mapa**, a desamortización de Madoz tamén alcanzou maior valor nas rexións onde dominaba a gran propiedade, é dicir, na **metade sur.** Aquí, ás propiedades das congregaciones relixiosas e os concellos, sumáronse as das Ordes Militares (Calatrava, Alcántara, Santiago, etc.) agora disoltas, propietarias de grandes latifundios na submeseta sur e Andalucía.

No norte, pola contra, as propiedades eran pequenas, por iso o seu valor foi menor. O resultado desta venda levou á consolidación do tipo de propiedade preexistente, é dicir, alí onde as propiedades xa eran pequenas, consolidouse esta forma e moitos cultivadores puideron agrandar as súas propiedades, a adquirilas se eran arrendatarios.

Pero no centro e sur, a gran propiedade seguiu sendo a forma característica; alí, o alto valor das leiras en venda, só permitiu comprar aos grandes propietarios e a alta burguesía, máis interesada en adquirir un ben seguro e de prestixio (seguía relacionándose a propiedade da terra coa nobreza) que en investir nas terras adquiridas para facer delas unha empresa produtiva.

Esta desamortización, polo seu valor económico, duplicou á de Mendizábal. Afectou fundamentalmente a bens civís (dos concellos) polo que as súas consecuencias negativas sobre as clases máis desfavorecidas foron especialmente duras. A súa finalidade esencial era recaudar fondos para a construción do ferrocarril, ademais de acabar cunha forma de propiedade propia do pasado.

En canto ao contexto histórico concreto, debemos recordar que en 1854 o pronunciamiento de O'Donell en Vicálvaro acababa co réxime moderado presidido por

Narváez desde 1843. Empezaba o **Bienio Progresista** e o novo goberno proponse avanzar no liberalismo, sobre todo no que atinxe a medidas económicas para reactivar a economía española. Como vemos nas datas do gráfico, durante o Bienio Progresista (primeira columna) foi pouco o que deu tempo a poñer en venda. Será xa na década de 1860, baixo a Unión Liberal, cando se leva a cabo o groso da venda das terras, sobre todo dos concellos



O gráfico reflicte, medido en millóns de reais de vellón, o valor alcanzado pola venda das terras desamortizadas entre 1855 e 1867, distinguindo pola súa procedencia entre bens eclesiásticos e civís. Vemos que estes últimos dobraron polo seu valor aos do clero. Por iso é polo que esta desamortización coñécese como a "civil".

4.3 Consecuencias das desamortizacións

4.3.1. Natureza dos bens desamortizados en España, 1836/1867

	1836/54	1855/56	1858/67	**Total de 1836 ó 67**
Nº de Fincas Rústicas e urbanas	136.928	52.164	225.695	**414.787**
Valor remate (millóns rs vn)	3.718,5	52.164	4.212,8	**60.095,3**
Promedio/unidade (rs. vn)	27.157	14.698	18.666	**20.970**
Nº de Censos e foros	34.718	88.207	106.440	**229.365**
Valor remate (millóns rs vn)	635,3	174,7	157,6	**967,6**
Promedio/unidade (rs vn)	18.299	1.980	1.481	**4.218**

4.3.2.Procedencia dos bens desamortizados en España 1836/67

Periodo	Clero	Propios	Outros	Total
1836/54	970,8	———	13,2	984
1855/56	435,5	192,9	313,0	941,4
1858/67	1.353,9	2.058,8	957,7	4.370,4
Totais	2760,2	2.253,7	1.283,9	6.295,8
Porcentaxes	43,8%	35,8%	20,4%	100%

5. O balance global pode realizarse desde diferentes perspectivas:

a) En relación cós obxectivos propostos coas medidas desamortizadoras:

1. **Obtención da propiedade plena:** Logrouse na maioría dos casos. A excepción produciuse no caso de Galicia onde permaneceu intocable a división de dominios característica do sistema foral e os montes comunais de municipios ou comunidades de aldeáns que non se privatizaron.

2. **Os problemas facendísticos:** A desamortización serviu para palialos en gran medida. Hai que ter en conta, tamén, que os ingresos obtidos entre 1855-1867 foron investidos no ferrocarril e para paliar o problema presupuestario.

3. **Aspectos políticos:** Os compradores, variados e numerosos, non tiveron ningún interese en voltar ó Antigo Réxime. No caso da desamortización de Mendizábal, ademais, foron ingresos decisivos para o triunfo na Guerra Carlista.

b) En relación coa estructura da propiedade: A reforma agraria liberal non provocou cambios importantes e, máis ben, consolidou os caracteres preexistentes en cada zona. A propiedade cambiou de mans pero non houbo transformaciós significativas: onde había maior concentración, esta acentuouse (no sur), e onde había maior dispersión, esta aumentou (no norte). Os que xa eran propietarios e rendistas son os que tiñan medios para mercar novas terras; os que non teñen terras estiveron incapacitados para mercalas. Así ocorre cos xornaleiros e pequenos arrendatarios, que son ó mesmo tempo os máis prexudicados pola perda dos seus dereitos sobre aproveitamento gratuito das fincas municipais e comunais. E tamén se viron prexudicados os arrendatarios agrarios pola suba da renda que a partir de 1840 fixeron os novos propietarios da terra, facendo uso da liberdade establecida en materia de contratos agrarios.

Analizando a condición dos beneficiarios atopámonos unha grande variedade: desde a burguesía urbana ata labradores (campesiños acomodados), nobres etc. A desamortización beneficiou ós grupos sociais integrantes da burguesía —comerciantes, homes de negocios, fabricantes, profesionais liberais, terratenentes, campesiños ricos dos pobos— e os nobres agora convertidos en propietarios capitalistas, que participaron de xeito importante na compra de novas terras. A desamortización contribuiu, así, de xeito decisivo á revolución agraria liberal formando un grupo homoxéneo de burgueses terratenentes, con independencia de cal fora a súa orixe.

c) **En relación co crecemento da producción agraria**:, a desamortización, en xeral, non impulsou transformacións técnicas do proceso productivo, máis ben todo o contrario (as grandes transformacións modernizadoras da agricultura non se desenvolveron en España ata os anos sesenta do noso século). Os rendementos medios caeron como consecuencia da incorporación ó cultivo de terras marxinais.

Rendementos por Hectárea

	1800	1860	1900
Trigo	6,3	5,8	6,9
Vides	9,6	9,0	14,9
Cereais	4,8	6,2	7,4
Oliveiras		1,6	1,5

Incrementouse a producción (aumetou a superficie cultivada), ás veces melloraron as técnicas (non nas grandes propiedades), e a gandería mellorou a partir de 1860. Pero non se logra unha modernización da agricultura similar ós países europeos máis desenvolvidos, permanecendo a maioría das veces os vellos sistemas de explotación agropecuaria.

O aumento da producción agrícola permitiu alimentar á poboación agraria, enviar o excedente ás cidades e aínda exportar. Mais a agricultura non xerou os excedentes precisos para obter capitais suficientes cos que potenciar a industrialización. Os campesiños pobres, obrigados a emigrar, apenas atoparon emprego nas cidades debido ó escaso desenvolvemento industrial.

11. A Desamortización en Galicia: a permanencia dos Foros.

A agricultura galega experimentou poucos cambios durante o século XIX. A organización do réxime de propiedade da terra baixo o *sistema foral* tiña precedentes medievais e acadou a súa grande difusión durante o Antigo Réxime, continuando esta forma de cesión da terra ata o século XX. O *foro* implicaba a disociación entre os que traballaban a terra e pagaban rendas *(dominio útil)* dunha banda, e os perceptores de rendas por moi diversos tipos de contratos incluídos no sistema foral de outra *(dominio directo)*. É unha propiedade compartida entre campesiño e rendista.

Case todo o territorio productivo de Galicia, en mans maioritariamente do clero, coñeceu algunha forma de *cesión foral*.

O *foro* é un contrato agrario de longa duración[6] que ao longo da época moderna (s. XVI-XVIII) convérteuse en case que perpetuo. E aínda se consolidou máis despois de que Carlos III promulgara a Real Provisión en 1763 que prohibía os «despoxos». Os mosteiros cederan os seus patrimonios desde o s. XVI a fidalgos e nobres que non traballaban a terra e que, a súa vez, tiñan cedidas estas terras aos campesiños baixo contratos ***subforais***. No século XVIII, debido ao aumento das rendas agrarias, os mosteiros (principais *dominio directo*) pretenderon que revertesen a eles as terras (*despoxar*, polo tanto os seus levadores) para cedelas a quen quixesen. Pero a fidalguía, principal beneficiaria, conseguiu do Rei a aludida Provisión que a mantiña no disfrute das rendas forais. Impedíase, así, o acceso á propiedade plena da terra por ningún dos dominios. O campesiñado non perdeu con esta situación, pois

[6] Recordade que non podedes confundir o FORO co Fuero, e que polo tanto este último concepto NON o podedes traducir ao Galego, xa que é un concepto diferente, é un privilexio, explicado nun tema anterior.

estabilizáronse as rendas.

O sistema foral traspasou o Antigo Réxime sen afectarlle ningunha reforma, a causa das presións da fidalguía galega que non quería ver ameazada a súa supervivencia con medidas que implicasen a supresión dos foros. A lexislación liberal estableceu a liberdade de arrendamento, pero excluiu os *foros*, e seguiron excluidos en plena revolución liberal a fins de 1836. Houbo un bloqueo a calquera reforma ata a Ditadura de Primo de Rivera.

Comparación porcentual da procedencia dos bens desamortizados en Galicia e no conxunto de España (1836-1867)

	Galicia	España
Clero	93,01%	60,54%
Propios	0,82%	27,21%
Outros	6,17%	12,25%

Unha das características da desamortización en Galicia foi a **abundancia de rendas forais** nas que o que se traspasou ó adquirinte foi unicamente o ***dominio direto***, é dicir, o dereito a percibir rendas forais, e non o ***dominio útil*** ou capacidade de explotar a terra que seguiu en mans do campesiñado. Nunha proporción das tres cuartas partes, a riqueza desamortizada consistía en dereitos a percibir unha renda e non en terras. Con anterioridade á *Lei Madoz* a desamortización afectou case exclusivamente ó patrimonio eclesiástico; en Galicia esta procedencia eclesiástica dos bens desamortizados prolongouse ata o final, dada a escasa relevancia dos bens de *propios.* Segundo os datos proporcionados por Pascual Madoz os *censos e foros* supoñerían o 69,8% do valor total dos bens eclesiásticos (seculares e regulares) taxados entre 1836 e 1845.

Quen adquiren os bens desamortizados son nobres, fidalgos, profesionais, funcionarios urbanos e, en especial, comerciantes, grandes arrendatarios e burgueses que tiñan títulos da Débeda Pública para pagar a bo prezo a riqueza subhastada. Permenaceu en plena vixencia a estructura da propiedade da terra que xa viña do Antigo Réxime: os foros dos mosteiros agora son dos comerciantes, mentres que os subforos dos fidalgos seguen na mesma situación que antes.

Como xa indicamos, a orixe dos bens vendidos non era de *propios* e comunais mais que nunha proporción moi pequena (1%). Isto quere dicir que non había *propios* que desamortizar, porque os concellos eran de recente implantación en Galicia. A maioría do territorio galego, aproveitado en forma de *monte* polos veciños dos pobos, ficou á marxe da desamortización. Os montes seguiron en mans das comunidades aldeáns e parroquiais, explotados comunitariamente.

A consecución dunha propiedade de terra libre non tivo apenas reflexo na Galicia do século XIX. A abolición dos señoríos produciuse, pero a súa desaparición non se traduce na conversión dos antigos señores en propietarios. **A desamortización**, pola enorme riqueza que a Igrexa tiña en Galicia, puido ter unha gran repercusión. Pero **os cambios foron máis ben escasos. O motivo principal está en que os compradores convértense en acomodados rentistas e, case nunca, en propietarios territoriales**. Na provincia de Lugo, quen adquiren os bens desamortizados, que proceden en máis do 90% de patrimonios eclesiásticos, son ou nobres, fidalgos, profesionais e funcionarios urbanos ou comerciantes. **Permaneceu en plena vixencia a estrutura da propiedade da terra: os foros dos mosteiros** agora son dos comerciantes urbanos, **mentres que os foros que posuían os fidalgos** seguen en idéntica situación que antes.

O mundo agrario galego do século XIX era atrasado e ruinoso: cultivos agrarios pouco diversificados, técnicas de explotación da terra apenas modernizadas, permanencia do sistema foral e das rendas, minúsculas labranzas e uns impostos demoledores para as economías campesiñas. Houbo, pese a todo, serios intentos de transformar esta situación, desde a reforma dos foros ou a concentración da terra, ata a formulación dalgunhas iniciativas industriais ou simplemente modernizadoras, como a construción do ferrocarril. Pero os seus resultados foron escasos.

En canto ao sistema de cultivos e as súas rotacións, predominan os usos que xa contemplamos na anterior centuria. As despensas campesiñas compóñense de trigo, centeno, maíz e patacas. Apenas se introducen plantas forrajeras e leguminosas. Tampouco se chegou a eliminar das terras chás e vales interiores a práctica do barbeito e do cultivo de “ano e vez”. A vixencia destas rotacións deriva claramente da escasa capacidade tecnolóxica da agricultura decimonónica.

A vixencia do sistema foral, coa súa división entre dominios directos e útiles moi difíciles de desenmarañar, representou unha traba importante para o desenvolvemento da agricultura.

O minifundismo das labranzas é outra das características destacadas da agricultura do XIX. Adquírese conciencia do minufundio non porque as explotacións se fragmenten senón porque agora xa se revelan como progresivamente inservibles para os fins que se pretenden **nunha economía de tendencia capitalista**. As mesmas terras, de manter unha familia e pagar unhas rendas, teñen agora que pasar a pagar os impostos e comercializar parte da produción.

Un tercer elemento vén poñer de relevo estes desajustes procedentes do compoñente tradicional das explotacións agrarias. Trátase dos ***trabucos,*** é dicir, da variada gama de impostos que tanto agricultores como rentistas debían pagar ás institucións da facenda estatal, provincial ou municipal. O principal problema que representaban estes impostos era que se incrementasen en demasía ao longo da segunda metade do século XIX, sen que a produción agraria seguise igual ritmo.

O único intento exitoso de modificación do réxime de propiedade da terra en Galicia foi a **Lei de Redención de Foros de 1873**. Apenas uns miles de campesiños acomodados puideron liberarse do pago das súas rendas forais.

• A redención dos foros

A redención dos foros realizouse no primeiro tercio do s. XX, desaparecendo o réxime de propiedade da terra específico de Galicia desde a Idade Media: **o sistema foral**. A liquidación do réxime foral explícase por tres motivos:

- a loita que o campesiñado fai a favor da redención dentro do movemento agrarista que se desenvolveu no primeiro tercio do s. XX;
- o aumento de capital dos campesiños pola venda de excedentes —sobre todo gandeiros— e
- a chegada a Galicia do diñeiro procedente da emigración a ultramar.

Cando en 1926, se promulgou a Lei de Redención de Foros, **durante a ditadura de Primo de Rivera**, pola que os pagadores de renda podían converterse, pagando unha indemnización non moi alta, en propietarios territoriais, o problema foral xa minguara moito. Gracias a este proceso redencionista os campesiños galegos convertéronse en propietarios plenos das terras que viñan traballando.

«Conformándose co parecer do Meu Consello de Ministros e a proposta do seu presidente: Veño en decretar o seguinte:

Art. 1. (…) Decláranse redimibles todos os foros, subforos, rendas de saco, sisas… e calquera outros gravames de análoga natureza xurídica sobre bens inmobles nas provincias de Galicia, Asturias e León que se tivesen constituido antes da promulgación do Código Civil [1889].

Art. 15. O servicio de crédito agrícola poderá anticipar ata 10 millóns de pesetas, a título de préstamo, para axudar á redención, en caso de probada pobreza do foreiro. (…)

Art. 16. As débedas que emitisen os Concellos, as Deputacións, ou as Cámaras ou Sindicatos Agrícolas, para facilitar a redncion estarán exentas de impostos… (…).

O Presidente do Consello de Ministros, Miguel Primo de Rivera»

Gaceta de Madrid, 26 de xuño de 1926

12. Etapas da Desamortización

A modo de resumo "cronolóxico" podemos establecer as seguintes datas nos procesos desamortizadores que ao longo do século XIX tentaron solucionar o grave problema que tiña o sistema de propiedade da terra en España e, por ende, a agricultura.

⇒ ***Decreto de 19 de Setembro de 1798.*** (Carlos IV e Godoy): para amortizar a débeda pública. Venda de bens pertencentes a hospitais, hospicios,casas de misericordia, confrarías etc...Ante a protesta da Igrexa, o Rei negociou coa Santa Sé un permiso para enaxenar bens eclesiásticos, pero ó non aclarar que propiedades podían ser vendidas, a medida foi pouco eficaz.

⇒ ***A Obra Desamortizadora das Cortes de Cádiz:*** Venda de "bens nacionais", para o pago de débeda pública. Procedencia de:

- **Propiedade privada (afrancesados)**
- **Propiedades municipais**
- **Propiedades eclesiásticas**

Decreto de 1813: Parcelación e reducción a propiedade individual de terreos de propios, realengos e baldíos.

Desamortización eclesiástica (Ordes Militares e bens da Inquisición).


PROVINCIA DE
VENTA DE BIENES NACIONALES.
BIENES DE
FINCAS
PLAZO AL
POR 100.
Firma del comprador.
Con mi intervencion.
Sentado en Contaduría
Sentado en la Administracion.

⇒ **A Obra Desamortizadora do Trienio Liberal. (1820-1823).**

Lei de "desvinculación" do 11 de Decembro de 1820, suprimindo os morgados e dándolle á nobreza a posibilidade de vender as súas terras.

⇒ **A Desamortización Progresista (1834 e 1837)**

a) Lei de Desamortización civil (1834), *lexítima a posteriori (R.O. 1834) ás ocupacións de terras baldías e de realengo levadas a cabo por particulares.*

b) Unha Lei de Agosto de 1836 *confirma a "desvinculación de patrimonios nobiliarios", levada a cabo durante o trienio.*

c) **Desamortización de Mendizábal**: "Desamortización eclesiástica"*; aínda que sexa a máis coñecida non é a máis importante , pois é só eclesiástica: os bens, as rendas, dereitos e accións das comunidades e institutos relixiosos de ambos sexos eran declarados "propiedade nacional" e sacados a pública subhasta. O Estado pagaría ó clero a renda que percibía das súas antigas propiedades e a medida sacaría ó Estado dos seus apuros financeiros. No fondo foi unha reforma agraria que se fixo mal. Trouxo consigo a depreciación, o enriquecemento duns poucos –novos ricos-, a formación de grandes latifundios e a miseria do campesiñado.*

⇒ **A Lei Madoz (1855)** Pagaré de desamortización . 1865

⇒ *Nova oleada desamortizadora. Póñense en venda, non só os bens do clero, senón tamén os bens dos Concellos –propios e comúns-, coa oposición dos moderados e da prensa. Tamén se opón o sector eclesiástico que considera vulnerado o Concordato de 1851. O volume de bens desamortizados superou, duplicou, ó dos vendidos na desamortización de Mendizábal.*

O 14 de Setembro de 1856 suspendeuse a aplicación desta Lei, e ó día seguinte un Real Decreto liquida o Bienio Progresista, restablecendo a vixencia da Constitución de 1845.

Este proceso desamortizador afectou á vida española en moitos aspectos:

a) **Aspecto Político:** *reforzándose o liberalismo isabelino, creando unha nova clase de propietarios que apoiarán ó réxime para manter a súa postura persoal.*

b) **Aspecto Económico:** *Supón beneficios para o Estado, aínda que debido á aceptación de* títulos da débeda e vales reais como forma de pago*, non acadaron os beneficios que esperaban. Deron a posibilidade de cultivar unhas terras que os seus propietarios tiñan abandonadas.*

c) **Aspecto Social:** *Priva ós antigos estamentos da súa forza económica e prepara o terreo para a substitución definitiva da* "sociedade estamental" "pola nova sociedade de clases ou clasista".

A venda de "propios e comúns", *privou ó campesiñado máis pobre do disfrute dos bens colectivos. Creou problemas nos Concellos polo descenso dos seus ingresos, ó privalos das terras de propios que arrendaban).Favoreceu a concentración da propiedade nalgunhas zonas, os* latifundios*, que coinciden con zonas desamortizadas. Noutros lugares, supuxo, tamén, dotar de terras á masa de campesiñado que non as tiñan.*

AS LEIS DESAMORTIZADORAS Século XIX

"Atendiendo a la necesidad y conveniencia de disminuir la deuda pública consolidada, y de entregar al interés individual la masa de bienes raíces, que han venido a ser propiedad de la nación, a fin de que la agricultura y el comercio saquen de ellos las ventajas que no podrían conseguirse

por entero en su actual estado (...) conformándome con lo propuesto por el Consejo de Ministros, en nombre de mi excelsa hija la reina doña Isabel II, he venido en decretar lo siguiente:

Art.1.- Quedan declarados en venta desde ahora todos los bienes raíces de cualquier clase, que hubiesen pertenecido a las comunidades y corporaciones religiosas extinguidas.

Real Decreto de desamortización de los bienes del clero regular (Desamortización de Mendizábal) 19-II-1836

"Art.1.- Todas las propiedades del clero secular (...) son bienes nacionales.(...)

Art.3.- Se declaran en venta todas las fincas, derechos y acciones del clero catedral, colegial, parroquial, fábricas de las iglesias y cofradías."

Ley de desamortización de los bienes del clero secular. (Desamortización de Espartero). 2 -IX-1841

"Art.1.- Se declaran en estado de venta (...) todos los predios rústicos y urbanos, censos y foros pertenecientes:

Al Estado. Al Clero. A las Órdenes Militares (...). A las cofradías, obras pías y santuarios (...). A los propios y comunes de los pueblos. A la beneficencia. A la instrucción pública y cualesquiera otros

pertenecientes a manos muertas ya estén o no mandados vender por leyes anteriores.

Art.2.- Exceptúanse (...): los edificios y fincas destinados (...) al servicio público (...), de beneficencia e instrucción (...), las rectorías o casas (...) de los curas párrocos (...), las minas de Almadén (...), las salinas (...) y cualquier edificio o finca cuya venta no crea oportuna el gobierno por razones graves."

Ley de desamortización general (Desamortización de Madoz). 1-V-1855

8. Opinións da Historiografía contemporánea con respecto ás Desamortizacións

A desamortización debeu ter efectos estimulantes sobre a produción agraria naqueles lugares en que os conventos eran cultivadores directos ineficientes e a terra pasou a mans máis activas e máis implicadas na produción comercializada. **Pero en liñas xerais non parece que sexa a gran medida transformadora do campo español** nun século marcado por dúas grandes etapas de crises, no seu inicio e ao seu fin, e que viu tantos cambios na agricultura, incluíndo o fracaso da gran explotación agraria "capitalista".

Josep Fontana: Di que**,** tomar como punto de partida as medidas legais introducidas pola revolución liberal é unha mala opción se o que se pretende é chegar a explicar os grandes cambios que se produciron na agricultura española ao longo do século XIX. De feito, estas leis só cobran pleno sentido cando as situamos dentro do tecido global das transformacións, como un factor máis, e non o fundamental. Estudar os cambios da propiedade, da renda, dos cultivos e das técnicas, da lexislación, das condicións económicas da actividade campesiña (o endebedamento, a incidencia da fiscalidade, etc.), da comercialización e a formación dos mercados, é absolutamente necesario se queremos entender o que sucedeu no campo español -e por conseguinte no país, na medida en que este era esencialmente campo- no século XIX. E nesta historia longa e complexa as medidas puntuais de reforma agraria da ?revolución liberal? non foron máis que un factor. Mentres se promulgaban as leis e tentábase aplicalas estaban a ocorrer no campo cosas talvez menos visibles no momento, porque eran de ritmo moito máis lento: etapas de evolucións de longa duración que non caben nunha análise a curto prazo.

Vicens Vives: Considera que a agricultura era subdesarrollada e feudal e incapaz de levar a cabo transformacións industriais.

Jordi Nadal: Describiu a actuación do sector agrario como freo ao cambio industrial.

Gabriel Tortella: pensa que o estancamento agrario explica en parte en atraso da modernización económica do país.

Algunha das opinións menos pesimistas, serán as de **Garrabou**: que di que a pesar de que a produción era inferior á doutros países non se pode falar de agricultura inmobilista e atrasada.

O que sí é certo e coincidente en toso eles é que pensan que a economía española do século XIX vai estar marcada por unhas condicións peculiares.

Unha delas é a separación das antigas colonias americanas. Esta separación esixiu un reaxuste económico que terá varias consecuencias.

1. Extensión da área de cultivo.

2. Explotación do subsolo.

3. Reactivación da minería.

4. Creación dun mercado de capitais (Bolsa de Madrid, 1831).

Sen embargo, non se produciron cambios importantes nas estruturas económicas, e continuaron sendo as herdadas do século XVIII, aínda que houbo cambios na propiedade debido ás **desamortizacións**.

Existen **tres factores diferenciais entre a economía española e a dos países occidentais, que nos interesa matizar para poder comprender nun futuro o atraso económico de España**

- O factor xeográfico, que crea graves dificultades ás comunicacións e transportes interiores.
- As dificultades técnicas e os custos necesarios para salvalos son moi grandes.
- E, os transportes a partir da segunda expansión ferroviaria (1776) conseguen melloras importantes:
    - Aumento do tráfico ferroviario.
    - Diminución do custo.
    - Escaseza de dispoñibilidade de materias primas e fontes de enerxía. A primeira revolución industrial fíxose sobre a base do carbón mineral.
    - En España os xacementos proporcionaban cantidades limitadas en cantidade e calidade.
    - Esta escaseza paliarase con carbón inglés.
    - Escaseza de capitais.

- A revolución industrial tivo a súa orixe nos **beneficios do capitalismo comercial.** En España os beneficios do sector comercial ultramarino de finais do XVIII non bastaron para impulsar a industria. A ruptura posterior do comercio hispanoamericano cortará esta vía de capitalización. **A escaseza de capita**l cubrirase con investimentos estranxeiros e isto xunto coa **falta de tecnoloxía** propia dará lugar a un **endebedamento.**
- Durante a Restauración, se tentará agarrar a un crecemento económico xeneral.
- Este desenvolvemento é pouco equilibrado baseado en tiróns sectoriais.
- Afianzaranse unhas estruturas rexionais pouco conjuntadas.

Nicolás Sánchez Albornoz definiu á economía española do XIX como dual. Pola persistencia das estruturas arcaizantes mentres aparecen algunhas modernas.

Transformacións agrarias. Evolución xeral do sector agrario durante o século XIX. A produción agraria supuña máis do 40% da produción nacional. En 1914 , España era un país eminentemente rural , condicionada pola distribución da propiedade, calidade das terras e o clima.

O problema da distribución é dobre: **latifundio (Andalucía) e minifundio(Galicia)**: Eran o resultado de antigos condicionamentos históricos e os efectos das desamortizacións. Ademais, a diferenciación climática entre a España seca e a España húmida.

Diferenzas zonais.

- Cornixa cantábrica:Pequena ou mediana propiedade. Arrendamento variado
- Galicia con foros ou subforos: arrendamento a longo prazo.
- Zona levantina de regadíos: Pequena ou mediana propiedade. - Algúns tipos de arrendamentos deron lugar a problemas en Cataluña. (*rabbassaires*).
- Submeseta norte e parte de Aragón:Propiedade media. Arrendamentos a curto prazo en condicións pouco favorables aos colonos, ás veces producíase unha parcelación esaxerada e antieconómica.

- Cuenca, Guadalaxara e Madrid: Alternancia da gran propiedade coa propiedade media de baixa calidade. Os arrendatarios non gozan de situacións vantaxosas.

Por outra banda, como veremos no seguinte tema, había unha situación de debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial e competía a modernización dos transportes: **o ferrocarril** (Lei de Ferrocarris. 1855)**, así como a** emerxencia do sistema financeiro, unha importante debilidade do mercado nacional, imprescindible para acometer unha "industrialización" coerente coa Europa do momento. A situación era de desindustrialización e de emerxencia de novos sectores en Galicia.

9. Consecuencias

O proceso desamortizador incrementou e diversificou notablemente o número de propietarios agrarios.

Con todo**, non logrou terminar co déficit público nin conseguiu que a maioría da poboación do pequeno campesiñado convertéranse en propietarios.**

As consecuencias foron moi importantes. Tradicionalmente viñase afirmando que a primeira consecuencia **fora a acentuación da estrutura latifundista**, pero **hoxe se relativiza esta influencia, concedendo maior importancia ao aumento da superficie cultivada que se produciu e o seu impacto económico.**

Este desaparecido convento-hospital atopábase nos arredores da actual praza de Zorrilla (pódese ver detras da estatua na imaxe inferior). En 1835 é desamortizado de mans da Igrexa e pasa a ser, unha parte vivendas, e outra a uso industrial. A comezos do século XX desaparece a igrexa e as antigas dependencias conventuales subsisten até 1929, data na que se decide remodelar toda esa

Fases da evolución da agricultura.

1814-1860.

Período de expansión da agricultura.

- Crecemento do produto agrícola tan intenso como o da poboación (Gonzalo ANES). Isto logrouse grazas á extensión das superficies cultivadas. A desamortización debería ter estimulado a produción, pois se favoreceu unha explotación máis intesiva e sistemática do chan. Para ANES o incremento do produto obtívose mediante o descenso de rendementos medios por hectárea.
- Para GARCIA SANZ a conxuntura expansiva non estivo exenta de crise que evocan unha agricultura tradicional.

1860-1914.

A etapa expansiva chegou ao seu fin.

- A expansión foi moito menor, case igual ao estancamento (**TORTELLA).** - A competencia internacional tería dado lugar a unha redución de cultivo de cereal e a un aumento do rendemento por hectárea.
- Outros produtos beneficiáronse da redistribución da superficie (vide, regadío).e esta sería a clave das transformacións da agricultura española no XIX **(TORTELLA**).

  Explicacións do atraso agrario de España.
- **Tortella:** Fala do carácter mediterráneo da agricultura. A pobre dotación de recursos naturais e a inadecuación das técnicas europeas nesta zona.
- **Milward e Saul** :Cren que existe un paralelismo entre España e Italia. - Afirman que a española non tivo a repentina melloría que se observou en Italia.

10. Conclusións.

Queda claro que a maior parte dos historiadores e historiadoras adoptan unha posición pesimista.

- A incapacidade de liberar man de obra é sinalada como un dos trazos máis negativos.

- Algúns historiadores e historiadoras, pensan que o transvasamento á industria sería máis áxil se esta pedise man de obra a un ritmo superior.
- A protección concedida aos cereais é outra razón para explicar a abundante man de obra retida pola agricultura.
- **A desamortización foi outro elemento negativo**, fixou máis capital no campo que o que liberou cara á industria.

En síntese o sector agrario no XIX foi criticado por:

- A súa baixa produtividade.
- Absorber capital destinado á industria.
- Non liberar man de obra
- Non proporcionar mercado para a industria.zona

- A protección concedida aos cereais é outra razón para explicar a abundante man de obra retida pola agricultura.
- A desamortización foi outro elemento negativo fixou máis capital no campo que o que liberou cara á industria.